



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 30 DE XANEIRO DE 2014

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Manuel Casteleiro, Sonia Souto Camba, Sonia Rodríguez Beltrán, Nuria Varela Feal, Manuel-Reyes García Hurtado, Natalia Alvarez Lata, José Daniel Pena Agras e Jesús Miguel Muñoz Cantero.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa da realización do Consello Galego de Universidades do pasado 20 de decembro, onde se aprobaron as normas de permanencia da UDC e se expuxeron os distintos enfoques existentes sobre a evolución das titulacións a nivel SUG, en particular a postura da UDC en defensa das nosas titulacións e a aposta por convidar a Xunta para que se integre no Consorcio Interuniversitario, como mecanismo orgánico de coordinación das titulacións a nivel galego. O reitor comenta tamén que neste consello galego de universidades a Xunta retirou, por instancia das universidades, o punto de informe do convenio de adscrición do CESUGA á Universidade San Jorge de Aragón, situada en Zaragoza. O vindeiro día 10 de febreiro terá lugar un novo consello galego de universidades, en que volverá a someterse a informe esta adscrición.

O 7 de xaneiro, o Concello de Ferrol entregoulle á UDC nun acto público o premio de Ferrolán do Ano.

O reitor informa do nomeamento do profesor Pedro Serna Bermúdez como responsable de coordinación de avaliación do profesorado da ANECA, nomeamento que provoca a concesión de servizos especiais a este profesor.

Informa da sinatura do convenio co Ministerio de Economía e Competitividade para a articulación da primeira fase do proxecto A-tempo, por importe de 3,2 millóns de euros. Tamén informa da creación da *aula Repsol*, mediante un convenio asinado o pasado día 22 de xaneiro coa



Fundación Repsol. O convenio está dotado con 15 000 € Como directora da aula, será nomeada Sonia Zaragoza.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**.

O profesor Ricardo Cao informa, en primeiro lugar, de que foi presentado o Programa A-TEMPO ás empresas do sector e á comunidade universitaria o pasado martes, día 28 de xaneiro de 2014, no campus de Esteiro, en Ferrol. Tamén informa da celebración, o 17 de xaneiro, da xornada informativa sobre as accións Marie Sklodowska-Curie, impartida por Paul Harris, que é Policy Officer na unidade de “Training and mobility of researchers” da Comisión Europea. No BOE do 31 de decembro de 2013 foron publicadas as convocatorias de recursos humanos do MINECO: programa Ramón y Cajal, contratos posdoutorais (antigo programa Juan de la Cierva) e Programa de Técnicos de Apoio. Con referencia a este tipo de convocatorias, a Comisión de Investigación delegada deste Consello de Goberno aprobou, na súa sesión do 14 de xaneiro, unha modificación importante dos requisitos internos na UDC para concorrer a este tipo de convocatorias. O vice-reitor dá conta da publicación da convocatoria de infraestruturas do MINECO, no BOE do 31 de decembro de 2013, e da convocatoria de Retos-Colaboración do MINECO, en decembro de 2013. O vice-reitor informa do cambio na presidencia de BUGalicia e das dificultades xurdidas no consorcio tras a saída deste da Xunta de Galicia. Informa tamén da publicación da listaxe provisoria de admitidos da modalidade A na convocatoria de contratos posdoutorais da Xunta de Galicia e da convocatoria Abel de mobilidade de investigadores, correspondente ao programa NILS. De todo isto deuse cumprida información na web da UDC e mediante difusión ás listas de PDI.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa da convocatoria, polo procedemento de urxencia, das seguintes prazas: praza de asociado a tempo parcial (P03) para o Mestrado de Psicoloxía Aplicada, por necesidades docentes sobrevidas; e praza de contratado interino de substitución (P05) para a Área de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial, por renuncia de contrato. Tamén se informa da convocatoria urxente dunha praza de interino de substitución para cubrir parte da docencia de Pedro Serna por pasamento á situación de servizos especiais, tal e como foi informado polo reitor.

Tamén informa da inclusión dos contratados doutores no cómputo da taxa de reposición do 10% prevista no artigo 23 da Lei de orzamentos xerais do



Estado para 2014. En cambio, nos orzamentos da Comunidade Autónoma non se mudou o artigo 36, que recolle un mecanismo de autorización previa das prazas de PDI laboral temporal, en que debe acreditarse o cumprimento da dedicación legalmente prevista dos restantes profesores da área. Estanse desenvolvendo negociacións coa Xunta para determinar como debe aplicarse este artigo.

A **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa de que a Consellaría de Facenda non informou favorablemente o plan de sustentabilidade presentado pola UDC para o exercicio 2014. O aforro orzamentario é negativo e os ingresos correntes están desequilibrados respecto dos gastos correntes, polo que ao longo do primeiro trimestre se negociarán coa Consellaría medidas que podan propiciar a converxencia entre estes parámetros.

Ausente a **vice-reitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa no seu lugar o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías de que o 24 de xaneiro se publicou a *Convocatoria de mobilidade internacional*, onde se ofertan as prazas de mobilidade para o curso 2014/2015 do *Programa Erasmus*, do programa propio bilateral e do novo programa NILS.

No que se refire á convocatoria Erasmus, aclara que aínda non están totalmente definidas as axudas dos estudantes. En liñas xerais, haberá bolseiros UE e bolseiros MEC. Neste momento hai una sesión informativa no MEC, a que asiste a vice-reitora. Por estas razóns, a convocatoria Erasmus sae por un importe inicial de 200.000, que se complementará hasta a súa totalidade cando se asine o convenio da UDC coa OAPEE e, de ser o caso, co MEC. A Vicerreitoría ten oportunamente informados os responsables de relacións internacionais dos centros das novas coordenadas que se están a definir e na web de internacionalización están publicadas, para toda a comunidade universitaria, as liñas básicas deste novo programa, tanto a guía da Comisión Europea como as propias directrices que, a maiores, dita o MEC sobre algún aspectos:

(cfr. <http://www.udc.es/ori/internacionalizacion/Erasmusplus/erasmusplus.html>)

Ademais, este ano, alén das visitas aos centros de todos os anos, faremos una xornada especial informativa “*International Day*”, o día 11 de febreiro para achegar toda a información aos estudantes que estean interesados, con visita de universidades estranxeiras socias da UDC.



Por último, o vicerreitor comenta que este ano se lanzará a **International SummerSchool**, una iniciativa que desenvolve un dos principios do noso plan estratéxico: a internacionalización na casa.

Trátase dun modelo de oferta de cursos de verán impartidos por profesores estranxeiros tanto para alumnos internacionais como para alumnos da UDC que pretenden ter unha experiencia de internacionalización curricular, pero na casa. Sinteticamente, ofertaranse cursos de diferentes áreas de coñecemento, de 6 créditos ECTS e impartidos por profesores de universidade estranxeiros. Estes cursos, para os alumnos UDC, poderán recoñecerse por créditos conforme á normativa da UDC de xullo 2012 que establece o procedemento para o recoñecemento académico por participación en actividades universitarias nos graos. Toda a información está dispoñible na web <http://www.udc.es/ori/iss/>.

A **vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura** informa da participación da UDC como coordinadora do CRAI nº 10 das universidades do SUG, Asturias e Cantabria no proxecto de Observatorio de Empregabilidade e Emprego Universitarios integrado mediante convenio da CRUE, a Cátedra UNESCO de política universitaria e La Caixa.

Este convenio ten por obxectivo recoller e analizar os datos para tentar establecer unha metodoloxía común de medición. Así mesmo, informa de que a UDC coordina o grupo de traballo de observatorios universitarios estatais no marco do grupo de emprego da RUNAE.

Informa tamén da reunión mantida o pasado día 27 entre a Secretaría de Estado de Universidade e os membros da executiva da RUNAE. O máis salientable é que está en fase de borrador o real decreto de homologación dos títulos preboloña aos niveis do MECES. No caso dos títulos profesionalizantes, cada título estudarase caso por caso con informe da ANECA.

Outros dos asuntos tratados foron o estado dos pagamentos e das devolucións das bolsas xerais: a parte variable da bolsa está a punto de saír; no caso das devolucións por revogación (cando non se acada o 50% de aprobados) será posible o fraccionamento, pero aínda non está listo o procedemento. Por fin, falouse do acceso á universidade e das dificultades dunha proba estatal única e solicitouse o mantemento do modelo actual.



Tras solicitar desculpas por non se enviar a orde do día do Consello de Goberno á sección de actualidade da web da UDC, o **secretario xeral** informa de que a comezos de xaneiro, a Universidade coñeceu a STS do 13 de decembro, pola que, por instancia do Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos, se anula a denominación dos graos de Enxeñaría Mariña e Náutica e Transporte Marítimo, pola confusión a que dá lugar esta denominación coas titulacións que teñen atribucións profesionais. A Asesoría Xurídica está a agardar a notificación formal da sentenza e recibiu ordes de estudar a viabilidade dun recurso de casación para unificación de doutrina, ao existir sentenzas contraditorias da mesma sección (a cuarta) da sala 3.^a do Tribunal Supremo sobre este asunto.

En segundo lugar, informa de que mañá serán convocadas eleccións ás direccións de departamento de Computación, Didácticas Específicas, e Bioloxía Celular e Molecular, así como ás direccións dos Institutos Universitarios de Estudos Europeos, Estudos Marítimos, Estudos Irlandeses e de Medio Ambiente.

O **xerente** informa, en primeiro lugar, das seguintes Instrucións de traballo, sometidas ao parecer do Comité de Seguridade e Saúde na súa sesión do pasado 17 de decembro de 2013 e con posterioridade informadas favorablemente:

- Sobre almacenamento de reactivos e produtos químicos
- Sobre o acceso aos cuartos de caldeiras de calefacción nos edificios da UDC
- Sobre os controis periódicos e mantementos preventivos das vitrinas de gases dos laboratorios
- Sobre o acceso aos centros da UDC fóra do horario habitual de apertura

En segundo lugar, informa de que co remate do proceso selectivo para a provisión de dúas prazas de técnico de prevención de riscos laborais actualmente en execución, se rematan os procesos de consolidación de prazas laborais de PAS (77 no período 2012-2013). Por outra parte, con efectos do 8 de xaneiro actual, tomaron posesión como funcionarios de carreira 192 traballadores laborais fixos do colectivo PAS; os 68 traballadores fixos restantes do actual cadro de persoal fixo estarán comprendidos na segunda fase do proceso de funcionarización.

Infórmase tamén de que con data 2 de xaneiro actual se presentou aviso previo para eleccións a representantes dos traballadores do colectivo PAS



laboral da UDC e o inicio deste proceso, coa constitución da mesa electoral, está fixado para o vindeiro luns 3 de febreiro.

Por outra parte, no DOG do pasado 16 de xaneiro publicouse, tras o correspondente proceso de negociación, a convocatoria do concurso de provisión de postos de traballo de persoal funcionario de administración e servizos. Consideradas as distintas queixas e suxestións relativas á aplicación da fase de méritos específicos a todos os postos de nivel de complemento de destino 25 ou superior e ao ser preciso facer tres correccións técnicas nas bases, considerouse a oportunidade de modificar a dita convocatoria, de forma que a aplicación da fase de méritos específicos será unicamente de aplicación neste concurso aos postos de nivel 28; de forma que cara a seguintes concursos se poida facilitar a formación necesaria para a adquisición de competencias sobre formulación de memorias e proxectos con definición de obxectivos. Esta modificación das bases está pendente de publicación no DOG, coa que se reabrirá o prazo de presentación de solicitudes.

Finalmente hai que sinalar que o pasado 24 de xaneiro se constituíu a Mesa de traballo para a revisión da acción social que se financiará con cargo ao Orzamento da UDC para 2014.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 19 de decembro

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 19 de decembro.

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en cinco (5) convenios marco, dez convenios específicos (10), e trinta e nove convenios para prácticas (39) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbbase por asentimento.



4. Adaptación dos convenios de adscrición da Escola Universitaria de Relacións Laborais e da Escola Universitaria de Turismo

O reitor cédelle a palabra ao secretario xeral.

O secretario xeral expón que a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, estableceu no seu artigo 22 unha serie de contidos mínimos dos convenios a través dos cales se establece a adscrición de centros docentes de titularidade privada a universidades públicas. A disposición adicional cuarta da Lei 6/2013 establece, ademais, que *“Para que os centros adscritos a universidades do SUG existentes no momento de entrada en vigor desta lei poidan seguir desenvolvendo a súa actividade académica universitaria deberán adaptar o convenio de adscrición coa universidade, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei”*.

A anterior modificación legal obriga a adaptar os convenios de adscrición coa Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña e o Centro Español de Nuevas Profesiones, de modo que se actualicen, respectivamente, os convenios asinados con data 19 de xullo de 2002 e 24 de xullo de 1998. A proposta de convenios goza do consenso cos centros implicados.

Apróbase o texto dos convenios e incorpóranse ambos os textos como **anexo IV e anexo V**.

5. Regulamento de dobres titulacións internacionais

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías defende, en ausencia da vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación, o Regulamento da UDC sobre dobres titulacións internacionais.

Este regulamento desenvolve a estratexia de internacionalización da UDC establecida no plan estratéxico recentemente aprobado polo Claustro en decembro do 2013.

Este marco normativo xeral ten dúas finalidades: 1) visibilizar esta modalidade de titulacións dobres con universidades estranxeiras e, asemade, incentivala, conscientes da súa relevancia e valor engadido para a oferta de titulacións; e 2) facilitar o proceso de sinatura dos convenios respectivos, establecendo un protocolo de actuacións e definindo os seus requisitos básicos.



Regúlanse de maneira básica as dobres titulacións de grao, de mestrado e de doutoramento, de maneira que, dentro dos mínimos a que se facía referencia, as universidades interesadas teñan marxe para deseñar o programa de simultaneidade. Da mesma maneira, establécese un anexo en que se apuntan as cláusulas e condicións que, como mínimo, deben establecerse no convenio específico. No proceso de tramitación do dobre título dáselle protagonismo ao centro, que debe avaliar a oportunidade da oferta, iniciando o procedemento para a súa toma en consideración, no que intervirán outros departamentos ou servizos

Pese a non existir normas xerais acerca das titulacións dobres internacionais, son moitas as universidades que veñen regulando esta cuestión, ao tratarse dunha iniciativa que cada vez cobra máis interese tanto para estudantes como para profesores. Na UDC xa temos catro dobres títulos e en breve serán asinados outros tres.

Tras a exposición do vicerreitor, ábrese unha quenda de intervencións.

Fernando Agrasar pregunta se nos duplos doutoramentos a estadía de seis meses pode fraccionarse. Contéstase en sentido afirmativo.

A proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **anexo VI**.

6. Aprobación de modificacións nos programas de doutoramento: programa de doutoramento en equidade e innovación na educación, e programa de doutoramento en láser, fotónica e visión.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia expón as modificacións dos programas de doutoramento interuniversitario que se someten á consideración do Consello de Goberno. Trátase de cambios menores, de actualización das entidades de coordinación (escolas de doutoramento), novas actividades formativas etc. Posteriormente trasladaranse ao parecer do Consello Social.

Apróbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo VII**

7. Informes sobre anos sabáticos do curso académico 2012/2013

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente expón os informes achegados polos profesores que gozaron de ano sabático no curso pasado, que contan cos informes favorables dos departamentos correspondentes, da COAP e da mesa sindical.



Trátase dos resultados de Celso María Alvarez Cáccamo, Luis Caparrós Esperante, Alan Floyd Moore, María Pilar García Negro e Diego López de Lera.

Apróbase a proposta por asentimento dos membros do Consello de Goberno e incorpórase como **Anexo VIII**

8. Proposta de nomeamento de profesorado honorario

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita, logo do informe favorable da COAP e da mesa sindical, o nomeamento de Ramón Yáñez Brage como profesor honorario da Área de Construcións Navais durante o período 1-10-2013 a 30-9-2015.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo IX**.

9. Proposta de autorización de venias docentes para o curso 2013/2014

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a autorización de venias docentes para:

- Manuel Lago Peñas, EU de Relacións Laborais, materia: Estrutura Social. Co informe favorable do Departamento de Ciencia Política e da Administración.
- José Lito García Abad, EU de Turismo, materia Técnicas de Comunicación e Promoción Turística. Co informe favorable do Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas.
- Rosa María Rodríguez Martín-Retortillo, EU de Turismo, materia de Dereito. Co informe favorable do Departamento de Dereito Privado.
- José Lito García Abad, EU de Turismo, materia Dereito. Co informe favorable do Departamento de Dereito Privado.

A proposta apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo X** á acta deste Consello de Goberno.



10. Proposta de autorización dun cambio de dedicación curso académico 2013/2014

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a modificación da dedicación (P03 a P06) da praza de profesor asociado da Área de Radioloxía e Medicina Física, ocupada por Leire Lodeiro Fernández, por necesidades docentes sobrevidas (IT do profesor Adolfo Sarandeses).

Tamén se solicita o aumento de dedicación de P05 a P06 de Viviana García Llerena por necesidades docentes sobrevidas provocadas polo nomeamento do profesor Serna Bermúdez como alto cargo da ANECA.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XI**

11. Proposta de procedemento para a elaboración do POD do curso académico 2014/2015

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente expón as modificacións que se introducen para a elaboración do POD do vindeiro curso académico.

Tras a súa exposición, ábrese unha quenda de intervencións.

Fernando Agrasar formula que, na rama de enxeñaría e arquitectura, os proxectos fin de carreira das titulacións a extinguir deberían dotarse con maior carga de docencia, por ser proxectos complexos e de moita calidade.

Ignasi Colominas estima tamén que nestas titulacións da rama de arquitectura e enxeñaría, os proxectos de fin de carreira deberían ter maior carga docente. Sobre a regra do artigo 2.9, propón exceptuar aqueles traballos de fin de grao ou mestrado que só se asignen a unha única área.

Luis Castedo pregunta, respecto da novidade de facer unha redución docente de entre 30-20 horas pola presentación de proxectos do horizonte 2020, se é só para este ano, se é retroactivo, e se se inclúen as solicitudes de bolsas da *European Research Commission*.

O vicerreitor replica que a súa política sobre os traballos de fin de carreira é manter unha dedicación horaria que se vai reducindo no tempo



paulatinamente, até chegar a non ter cómputo docente, naquelas titulacións que están a extinguir. Nos TFM e TFG, a política é homoxeneizar entre áreas a carga docente, para evitar discriminacións. O vicerreitor non tería problema en recoñecer a excepción solicitada polo profesor Colominas, sempre e cando se refira a titulacións non adaptadas ao espazo europeo. Tamén aclara que, cara adiante, se poden incluír as solicitudes da *Research Council Commission* cara o comezo de curso, mais en ningún caso a exención tería carácter retroactivo.

Moisés Canle solicita que a data do 1 de outubro do 2014, sinalada no borrador, se faga máis flexible, dada a tardanza en resolver as convocatorias polo Ministerio.

Tras as anteriores intervencións, apróbanse por asentimento e incorpóranse como **Anexo XII**

12. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

O representante de estudantes Carlos Hugo González Vázquez comenta a noticia de *La Voz de Galicia* sobre o discurso do reitor. Parécelle gracioso o contraste do discurso coas dificultades para contratar persoal. Considera que a normativa da UDC é delirante, chea de trabas que ralentizan as incorporacións de persoal. Comenta que na súa nómina de xaneiro cobrou 14 céntimos menos.

O representante de estudantes Gonzalo Faya comenta a falta de publicidade sobre a avaliación docente do profesorado, que impide que os alumnos poidan participar activamente nesa avaliación. Sobre a entrada en vigor da normativa de avaliación, considera que os directores de departamento e profesores deben formarse máis na nova normativa para cumprila correctamente. Tamén solicita que se lle explique ao profesorado que deben ter titorías durante todo o ano, e non só no cuadrimestre en que teñan acumulada docencia. Solicita información sobre a convocatoria de prácticas externas curriculares na universidade. Comenta tamén a opinión publicada de Alejandro Pazos sobre o título ilegal de enxeñaría da edificación. Que se vai facer ao respecto para atallar este tipo de comportamentos desleais para coa institución? Solicita máis frecuencia de buses para o inicio de segundo cuadrimestre. Sinala, por último, que o profesor Pinedo continúa creando problemas coa súa docencia. En concreto, relata que permitiu facer con



ordenador persoal un exame da materia Organización, Programación e Control.

Ernesto Rey traslada as inquedanzas duns estudantes predoutorais de dereito sobre os contidos do “compromiso documental de supervisión”, en concreto da cláusula décimo segunda. Cal é o réxime contractual de cesión dos dereitos de propiedade intelectual e industrial? Hai que ter autorización para publicar? É obrigatorio o documento de actividades?

Nuria Vieira, representante do PAS funcionario, pregunta polo seguro de vida do PDI así como polo envío ao DOG do concurso de méritos do PAS funcionario. Solicita que se faga publicidade das vacantes que saian a resultas. Comenta tamén a diferenza entre orzamento e liquidación en 2013 de 300 000 euros e neses termos como é posible que haxa que reducir a contía dedicada á acción social.

Sobre contratación de capítulo VI, replica o xerente.

Sobre as cuestións de xestión da avaliación docente, replica o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías. Considera que é un problema de implicación do estudantado a nivel dos centros.

O secretario xeral replica sobre o compromiso documental de supervisión, considerando que se trata dun documento informativo, sen relevancia xurídica suficiente para alterar o previsto no regulamento de propiedade intelectual da UDC.

O xerente comenta o traballo da mesa de negociación sobre a redución da acción sindical. A corrección de erros das bases do concurso está enviada ao DOG e está previsto que saian o día 3 de febreiro.

A vicerreitora de Planificación comenta que a liquidación no está pechada. Aínda que hai, efectivamente, unha redución de custos do capítulo I por mor da funcionarización, hai tamén incrementos vexetativos das retribucións (trienios, quinquenios, sexenios) e unhas folguras de orzamentación para xestionar as necesidades sobrevidas, que consumen esa redución de custos.



Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 11:09 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito